

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A ORGANIZACIÓN DO 4º ENCONTRO (AUOT) DE PROFESORADO DA ÁREA DE URBANÍSTICA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

Dentro da Consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral, de conformidade ao apartado c) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94 do 16 de maio).

2.- Antecedentes

O *Encontro (AUOT) de profesorado da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio* celébrase anualmente desde o 2019. Estas xornadas científicas, dirixidas principalmente a docentes e investigadores da área de urbanística e ordenación do territorio, pretenden ser un foro de debate onde compartir experiencias, metodoloxía, investigacións e tamén preocupacións e inquietudes.

3.- Finalidade

Para a consecución dos fins sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de dous meses desde a súa sinatura.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Fundación Universidade da Coruña, para organizar o 4º *Encontro (AUoT) de profesorado da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio*, que se celebrará na Coruña os días 26 e 27 de xaneiro de 2023.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúe o fundamento co convenio de colaboración a vontade das partes asinantes do acordo para dar continuidade a estas xornadas científicas que se celebran desde o ano 2019.

A Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC), é unha entidade privada sen ánimo de lucro, constituída no ano 1997 ao amparo da lexislación española (Lei 30/1994 do 24 de novembro de Fundacións e de Incentivos Fiscais á participación privada en actividades de interese xeral). Son obxecto da FUAC, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 9 dos seus Estatutos, entre outras, as actuacións encamiñadas a:

a) Promover a investigación científica, humanística e técnica, en colaboración coa Universidade da Coruña e demais institucións públicas e privadas, mediante axudas tanto ao estamento docente, para a súa formación, promoción e posta ao día, como ao alumnado, estimulando o estudo, a adecuada preparación para o exercicio de actividades profesionais, e unha formación humana integral de todos os que forman parte da Comunidade universitaria.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo exerce, entre outras, as funcións de fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral, de conformidade ao apartado c) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, polo que as actividades obxecto de convenio forman parte das súas liñas de actuación.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento de convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura. Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

